De Pé Crebado é unha antoloxía poética das últimas voces da poesía galega da actualidade, a partires dunha proposta seleccionada por Antón Lopo, director de Chan da Pólvora.

Coma punto de partida tomamos a estructura clásica dun recital de poesía, para falar do xénero no seu sentido mais amplo, tendo coma referente o nomeado movemento Queer, (movemento que encarna o desexo de superación das limitacións do tradicional activismo LGTBI)

O obxectivo final pretende acadar unha reflexión poética sobre:

- O empoderamento persoal, cada un e cada unha dende o seu xénero.
- A normalización da diversidade sexual dende a súa orientación, vivencia e expresión, sen necesidade de especificar cadansúas identidades, comportamentos e características que conforman esta pluralidade.

Este Pé compóñeno o movemento de Olga Cameselle, a voz de Alfredo Rodríguez e as imaxes de Miriam Rodríguez .

Traballaremos co diálogo entre estas linguaxes escénicas, posibilitando xogos de contrastes e oposicións nos que, o texto non é o único fío condutor que articula a narratividades. O interese radica na práctica escénica, na procura de material (imaxes, textos, improvisacións…) que doten de contido ou, cheguen a cuestionar, os puntos de partida sobre os que traballamos. A necesidade de reflexionar sobre a "diversidade" do ser humano, o imperativo social de identificarse e nomear un sexo ou identificala.

Unha proposta de empoderamento persoal, sobre a propia identidade e a propia diversidade, como maneira de normalizala, un xogo escénico na procura da aceptación dos xéneros dende a liberdade.

Así pois traballaremos a partires dunha selección de poetas actuais en lingua galega que, ao noso criterio, recrean esa diversidade ou axudan a cuestionala.

O desenvolvemento da acción ven determinado pola escolla do tipo de traballo; un recital, unha secuencia de poemas listos para a súa execución, é dicir, non hai unha relación de causalidade directa das accións, nin un fío condutor común. Poderiamos dicir que se articula en núcleos de acción que sustentan aos núcleos temáticos propostos en cada un dos poemas. As accións se presentarán a xeito de collage,

xogando á oposición e contraste, recreando a pequenos leitmotivs e/ou repeticións para acadar certa unidade. As accións formarán, por veces, unha xustaposición de imaxes e estilos ao contrastar a palabra falada co movemento e o xesto. E si procúrase xogar coa simultaneidade entre movemento e palabra (escrita e falada),

por oposición das linguaxes, por paralelismo, por contrastes..... ate xerar unha acción conxunta, deixando espazo para situacións abertas de interacción có público.

Partindo do concepto pé credrado ou copla manriqueña como recurso estilístico, entendido como composición métrica que alterna versos curtos con outros longos, pretendemos afondar na sucesión destes dous ritmos.

Entendemos Crebado como:

Fendedura entre montes, varias rectas que forman ángulos, un número fraccionario que divide unha unidade,un terreo moi accidentado, un grafismo dun número fraccionario que separa por unha raia o que está por riba da superficie e o que está debaixo da terra ou da auga; da propia liña de flotación.

Un Pé Crebado como recurso estilístico, como xeito de camiñar, de avanzar, de contemplar desde a palabra desde a imaxe e desde a voz. Unha acción performativa sobre a poética galega do século XXI. Os textos seleccionados, son:

Antón Lopo: "Suxos e desexados", "Pronomes".

Francisco Cortegoso: "Suicidas."

Xesús Castro: "Ultramarino".

Gonzalo Hermo: "Celebración".

María Xosé Queizán: "O despertar das amantes", "Metáfora da metáfora".

Olga Novo: "Cráter", "Nós, nús".

Lupe Gómez: "O útero dos cabalos" .

Ana Romaní: "Arden", "Das últimas mareas".

María do Cebreiro: "(Nós, ás inadaptadas)".

"Loitamos contra a lingua do xigante, loitamos contra ás linguas dos xigantes loitamos contra nós e contra vós pero da mesma loita emerxe unha victoria que se lle entrega soa os que foron capaces de emprendela....." María Do Cebreiro.

"Da permanencia da dor/da afiguracion do lugar.Dos días de chuvia/ do tratado da voz."

Francisco Cortegoso.



"As apariencias crean un pracer misterioso que é a única forma de pracer posible" Antón Lopo.



"O chirlante sonido da unlla cando perfila tenaz a norma no bordo da mesa de mármore. Así soan as voces."

A. Romani.

"As horas pasan, doendo. Eu teño unha orquestra no meu estomago borracho.O silencio é inexplicable pero eu teño feridas. Eu estou dentro dos armarios."

Lupe Gómez.

"Configuramos o mundo cos corpos enamorados. As deusas de existiren envexaríannos. Mellor que non existan"

María Xosé Queizán.



"...o ceo estará tan claro que saberemos por un intre que o mundo quererá renderse."

Xesus Castro.

"Será a vida nova unha lei preparada para a pel que xaceu ao teu carón durante o inverno."

Gonzalo Hermo.

Afonso Becerra di sobre “De pé crebado”:

“O ESPAZO ESCÉNICO PARA A POESÍA segundo A Artistica Vigo

Hoxe foi a estrea DE PÉ CREBADO, un recital de poesías arredor da cuestión de xénero, do desexo e o amor alén das concepcións heteropatriarcais. Alfredo Rodriguez e Olga Cameselle sérvennos os versos literarios escribindo outros poemas cos seus corpos, a voz, o xogo coas máscaras, as luvas e os gorros de látex, a iluminación e os efectos videográficos.
Un espazo diáfano e limpo para que a poesía transite libre, como libres deben transitar e expresarse os desexos.

(Poemas de Maria Xose Queizan, Anton Lopo Lopo, Gonzalo Hermo, Ana Romaní...)

Contacto:

www.aartística.net

986425392

Rua Barcelona 35 baixo 36203 Vigo

aartisticavigo@gmail.com

A artística